




Área / Unidad CONCELLERÍA DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR AD0000 ab	Documento AD014I006J	Anotada en el Libro de Resoluciones de la Alcaldía con el núm: DEC/AYT/3903/2020 26/06/2020
Código de verificación  652Z 5T3A 6Y1G 611L 0P2N	Expediente AD0/2020/16	
	Fecha 26-06-2020	

## PROTOCOLO COMPLEMENTARIO PARA A PLENA REINCORPORACIÓN DOS EMPREGADOS MUNICIPAIS AO TRABALLO PRESENCIAL, UNHA VEZ FINALIZADO O ESTADO DE ALARMA E VIXENTE A NOVA NORMALIDADE. FIXACIÓN DE MEDIDAS DE PREVENCIÓN FRONTE AO COVID-19

### Antecedentes.

I.- O Real decreto-lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, ten por obxecto combater a crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, así como previr posibles rebrotes, na chamada nova normalidade.

II.- Neste marco normativo encádrase a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se lle dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do mesmo día, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. Tamén se engloban nese mesmo contexto normativo as medidas adicionais de aplicación á reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial derivado do estado de alarma, de conformidade coa Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicada no DOG do 13 de xuño. Esta última resolución fixa pautas para a reincorporación presencial aos postos de traballo, como regra xeral, se ben adopta determinadas medidas a fin de compatibilizar a reincorporación presencial aos postos de traballo coa conciliación da vida persoal e laboral, así como a protección ante o risco de contacto fronte ao COVID-19.

III.- O Decreto 90/2020, do 13 de xuño, da Presidencia da Xunta de Galicia, declara a superación da devandita fase III do Plan para a desescalada e a entrada na nova normalidade con efectos desde as 00.00 horas do día 15 de xuño de 2020 (DOG núm. 115 bis, publicado o 13 de xuño), aínda que o fai mantendo a declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

IV.- O Concello da Coruña aprobou, o 8 de maio, o Protocolo polo que se establece a reincorporación do persoal público ao traballo presencial, así como as medidas de



prevención fronte ao COVID-19, fixando en canto á reincorporación presencial, as seguintes determinacións:

*"4. Reincorporación presencial aos centros de traballo.*

*4.1. Na reincorporación do persoal aos seus centros de traballo teranse en conta tanto as necesidades e a prestación do servizo como a existencia dos colectivos clasificados en cada momento como grupos vulnerables para o COVID-19 polo Ministerio de Sanidade, e a conciliación da vida familiar e laboral, escoitando ao persoal empregado adscrito aos diferentes servizos.*

*4.2. As xefaturas dos servizos, baixo a coordinación das direccións das áreas ou dos/das titulares das concellarías-delegadas, organizarán a reincorporación baixo as seguintes premisas:*

- Flexibilización da xornada e dos horarios, prevendo a utilización de quendas de mañá e tarde.*
- O teletraballo pautado, tendo en conta de xeito prioritario as circunstancias de conciliación da vida familiar e laboral dos e das empregados/as deste concello, así como a existencia de colectivos identificados como vulnerables para o COVID-19 (ver anexo I)".*

V.- A Comunidade Autónoma de Galicia está situada, desde o punto de vista sanitario, na nova normalidade. O Concello da Coruña adoptou, progresivamente, medidas para o cumprimento da normativa en materia de prevención de riscos laborais, así como das normas ditadas polos órganos competentes do Estado e da Administración autonómica, informando e formando ao persoal público sobre as mesmas. En consecuencia, resulta posible neste momento a reincorporación do conxunto dos e das empregados e empregadas desta entidade local –como regra xeral– ao traballo presencial.

En base ás disposicións, antecedentes e acordos relacionados, cómpre acadar a reincorporación ao traballo presencial do persoal ao servizo do Concello da Coruña, tomando as necesarias medidas de prevención fronte ao COVID-19. Con esa finalidade elabórase este protocolo complementario, coa natureza de instrución prevista no artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Visto o informe emitido polo Servizo de Persoal deste concello, adáptase o protocolo polo que se establece a reincorporación do persoal público ao traballo presencial, así como as medidas de prevención fronte ao COVID-19, de 08 de maio de 2020, ás novas disposicións e á nova situación, de forma que se complementa o disposto no devandito protocolo.



Visto o exposto, dítanse as seguintes INSTRUCCIÓNS:

**Primeira.-** En cumprimento do establecido no Real decreto-lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, as referencias existentes á distancia mínima de 2 metros modifícanse a unha distancia de seguridade interpersonal de, polo menos, 1,5 metros.

**Segunda.-** Establécese a obrigatoriedade do uso de máscaras nos edificios municipais sempre que non resulte posible garantir o mantemento dunha distancia de seguridade interpersonal de, polo menos, 1,5 metros.

**Terceira.-** Fíxase, con carácter xeral, a incorporación presencial do persoal municipal, de forma progresiva, entre o 1 e o 3 de xullo de 2020, ambos inclusive.

**Cuarta.- Excepcionalmente,** para as situacións de conciliación da vida familiar e laboral dos e das empregados/as do Concello da Coruña, do colectivo identificado como vulnerable para o COVID-19 e do colectivo destinado nas instalacións ou dependencias municipais onde non sexa posible, pola colocación dos postos, manter a distancia mínima de seguridade interpersonal de 1,5 metros, seguiranse as seguintes pautas:

**a) Persoal en situación de conciliación da vida familiar e laboral. Neste colectivo incluíriase o seguinte persoal:**

- Persoal que teña ao seu cargo fillos ou fillas menores de 16 anos
- Persoas con discapacidade
- Maiores dependentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que convivan no domicilio familiar

En relación co persoal que se atope nesta situación, darase prioridade á flexibilización da xornada laboral mediante a adaptación da xornada ou o establecemento de quendas de mañá ou de tarde.

Soamente no caso de que o/a empregado/a municipal acredite que a súa situación persoal non é compatible coas medidas de flexibilidade da xornada laboral e se vexa afectado/a, de ser o caso, polo peche dos centros de maiores, se podería acudir á modalidade de teletraballo, sempre e cando se cumpran estas dúas condicións:

1º) Deberá efectuarse solicitude dirixida á xefatura de servizo correspondente, por parte do/da empregado/a público/a afectado/a, na que se xustifique adecuadamente que está incluído/a no colectivo en situación de conciliación da vida familiar e laboral, así como a concorrencia das circunstancias de peche dos centros e a imposibilidade de alternancia co/coa outro/a proxenitor/a (deberase



acreditar, no seu caso, que é familia monoparental). No suposto de que xa acreditara documentalmente con anterioridade algunha destas circunstancias, manifestarao na súa solicitude.

2º) Que a súa situación persoal é incompatible cunha flexibilización da xornada laboral mediante a adaptación da xornada, tanto a través da variación das horas de entrada e saída como do establecemento de quendas de traballo de mañá ou de tarde.

En canto ao réxime de prestación do teletraballo, este poderase prestar de forma semipresencial. A xefatura de servizo correspondente establecerá quendas de traballo presencial e teletraballo polos períodos que estime necesarios e convenientes, atendendo e conxugando, na medida do posible, as características da prestación do servizo e as necesidades de conciliación da vida familiar e laboral.

O prazo máximo de autorización da modalidade de teletraballo rematará, en todo caso, unha vez que transcorran os tres meses posteriores á finalización da declaración do estado de alarma.

### **b) Colectivo identificado como vulnerable para o COVID-19:**

O Protocolo, do 8 de maio, polo que se establece a reincorporación do persoal público ao traballo presencial, así como determinadas medidas de prevención fronte ao COVID-19 no Concello da Coruña dispón no seu apartado 5.3 o seguinte:

#### *"5.3 Colectivo clasificado como grupo vulnerable para o COVID-19.*

*De conformidade co establecido na Instrución da Secretaria Xeral de Función Pública do Ministerio de Política Territorial e Función Pública sobre medidas e liñas de actuación para a reincorporación do persoal ao traballo presencial, terase en conta a existencia dos colectivos clasificados en cada momento como grupos vulnerables para o COVID-19 polo Ministerio de Sanidade no seu documento "Información científico-técnica, enfermidade por coronavirus, COVID-19", ademais dos referidos tamén noutros protocolos e procedementos ditados polas autoridades competentes, que estarán exceptuados de reincorporarse nunha primeira etapa:*

- con diabetes,*
- con enfermidade cardiovascular, incluída a hipertensión,*
- con enfermidade pulmonar crónica,*
- con inmunodeficiencia,*
- con cancro en fase de tratamento activo,*
- mulleres embarazadas,*
- maiores de 60 anos.*



*Para determinar a situación destes colectivos, elaborouse un procedemento concreto que establece a forma de solicitude, supostos, situacións de riscos, posibles adaptacións e supostos de non reincorporación, que consta no Anexo I deste protocolo”.*

As solicitudes formuladas por este persoal remitíronse ao Servizo de Prevención alleo co que está concertada a especialidade da medicina do traballo (na actualidade, Quirón Prevención) para a emisión do correspondente informe, á vista da documentación médica do persoal traballador solicitante.

En relación ás solicitudes formuladas por este persoal vulnerable de acordo co punto 5.3 do protocolo do 8 de maio enviadas ao Servizo de Prevención, adoptáronse as seguintes medidas segundo o grao de vulnerabilidades expostas:

a) A reincorporación ao seu posto de traballo cando non conorra especial sensibilidade no/na traballador/a, seguíndose as medidas de prevención establecidas nas avaliacións de riscos específicas do posto.

b) Establecer que existe sensibilidade no/na traballador/a con tres opcións:

- Persoal sensible que se pode incorporar ao seu posto de traballo: procede a reincorporación ao posto de traballo presencial.
- Persoal sensible que pode continuar traballando empregando os EPIS adecuados: procede a reincorporación ao posto de traballo presencial. En caso de imposibilidade de aplicar unha protección adecuada que evite o contaxio, considerase indicada a xestión da incapacidade transitoria.
- Persoal sensible que pode continuar traballando sen contacto con persoas sintomáticas: Neste caso, procede a reincorporación coa adaptación do posto de traballo ou o teletraballo, cando pola natureza da actividade laboral sexa posible. En caso de que non sexa posible algunha das anteriores opcións, considerase indicada a xestión da incapacidade transitoria.

A prestación na modalidade de teletraballo do persoal municipal que se encontre nos supostos definidos nesta letra b (colectivo vulnerable fronte ao COVID-19) deberá manterse unha vez finalizada a prórroga do estado de alarma establecida polo Real decreto 555/2020, do 5 de xuño, ata que o Goberno declare, de maneira motivada e de acordo coa evidencia científica dispoñible, previo informe do Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias, a finalización da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, en aplicación do disposto no Real decreto-lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, ou ben se adopte unha disposición normativa que modifique a anterior.



**c) Colectivo destinado a instalacións ou dependencias municipais onde non sexa posible, pola colocación dos postos, manter a distancia mínima de seguridade interpersoal de 1,5 metros:**

Á vista da nova distancia de seguridade interpersoal fixada no RDL 21/2020, do 9 de xuño, procede realizar unha nova comprobación nas dependencias municipais a fin de determinar o cumprimento da distancia mínima de seguridade interpersoal de 1,5 metros, sen utilizar medidas físicas de separación ou o establecemento de quendas de traballo semipresencial ou de mañá e tarde.

Nas dependencias municipais nas que non sexa posible respectar a distancia mínima de seguridade interpersoal de 1,5 metros é necesario, en primeiro lugar, implantar medidas de carácter físico (reordenación de postos de traballo ou divisións físicas dos espazos). Naqueles casos nos que non sexan posibles estas medidas, poderán manterse as alternativas de organización en quendas ou a modalidade de teletraballo, ben exclusivamente, ben cun sistema mixto de semipresencialidade, establecéndose quendas de traballo presencial entre o persoal municipal adscrito aos centros afectados.

A duración destas medidas abranguerán ata o momento en que se adopten medidas adicionais que permitan a presenza do/a traballador/a respectando a distancia mínima de seguridade interpersoal de 1,5 metros, sempre que sexa posible de conformidade coa normativa en materia de prevención de riscos laborais.

**Quinta.- Tramitación e autorización da modalidade de teletraballo.**

Os supostos de teletraballo previstos nesta instrución, agás os contidos no apartado b) (colectivo identificado como vulnerable para o COVID-19), serán autorizados pola Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior, previo informe do servizo ao que estea adscrito o persoal solicitante e coa conformidade do Servizo de Persoal.

A autorización requirirá que a persoa que teletraballe desvíe o teléfono da oficina ao seu particular ou ben facilite un teléfono móbil, así como un horario de traballo, a fin de ordenar e compatibilizar as funcións do traballo presencial co teletraballo. Ademais, terá que comprometerse a un sistema de fichaxe en remoto, dispoñible a través do portal externo do concello.

**Sexta.- Medidas de hixiene e de organización dos centros de traballo.**

Na reincorporación efectiva do persoal municipal ao traballo presencial, incidirase nas cuestións de hixiene e na organización dos centros e postos de traballo.

- a) Seguiranse a adoptar as medidas de ventilación, limpeza e desinfección adecuadas ás características e á intensidade de uso dos centros de traballo, conforme aos protocolos que se establezan en cada caso, tal e como se indicou





no protocolo de reincorporación do 8 de maio de 2020, no seu punto 5.2 (medidas de hixiene).

- b) Poranse á disposición dos/das traballadores/as auga e xabón, ou xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade virucida, autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade para a limpeza de mans, tal e como recolle no protocolo de reincorporación, do 8 de maio de 2020, como unha medida de hixiene no seu punto 5.2.
- c) Adoptaranse medidas para evitar a coincidencia masiva de persoas, tanto traballadoras como usuarias, nos centros de traballo durante as franxas horarias nas que sexa previsible unha maior afluencia. Para dar cumprimento a esta pauta de actuación, é necesario o mantemento da cita previa en todos os servizos municipais de atención ao público.

### **Sétima. Publicidade e vixencia.**

As medidas establecidas no presente protocolo serán obxecto de difusión entre os/as empregados/as públicos/as mediante a súa notificación por correo electrónico e mediante a publicación na páxina web do concello e en Alfresco.

Así mesmo, adoptaranse medidas de difusión destas obrigas e recomendacións en lugares visibles dos edificios públicos co obxecto de que sexan coñecidas tanto polo persoal como polo público visitante.

O protocolo do 8 de maio de 2020, que se complementa con este texto, estará vixente en todo o que non contraveña o ordenado neste.

### **Oitava. Eficacia do protocolo.**

O presente protocolo, coa natureza de instrución do artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, comezará a aplicarse a partir das 00.00 horas do día 29 de xuño de 2020. A reincorporación daqueles/as empregados/as que non se atopen en traballo presencial producirase entre o 1 e o 3 de xullo, ambos inclusive.

Este documento adaptárase ás obrigas e ás recomendacións que diten as autoridades sanitarias.

A Coruña, na data da sinatura dixital deste documento electrónico

José Manuel Lage Tuñas  
Concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior  
(P.D. Alcaldía, Decreto de 12 de marzo de 2020).